

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda, ao través de Yolanda Díaz Pérez e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión**, relativa á constitución dunha mesa de negociación para elaborar a regulamentación do bombeiro profesional segundo contéplase na disposición adicional terceira da lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia leva demasiados anos incumprindo a lei de emerxencias que, entre outros preceptos cuxos prazos previstos están sen desenvolver sine die, sinala na disposición adicional terceira, punto tres, que no prazo de 1 ano dende a aprobación desa lei a Xunta promoverá a elaboración dun regulamento do bombeiro profesional.

Van anos abondo para medir o interese do goberno galego en cumprir a lei e no entanto a Xunta promoveu a privatización dos servizos de bombeiros desenvolvendo unha intrincada e heteroxénea maraña de colectivos e entidades con homologacións e formación diversas en aberta contradición co recollido na lei.

Os colectivos de bombeiros pola súa contra veñen desenvolvendo mobilizacións a prol de conquistar alomenos a regulamentación prevista na devandita lei de emerxencias, incluso achegando unha acabada proposta de estatuto do bombeiro. Loitas e proposta que fai súa este grupo parlamentar.

Cómpre que a Xunta atenda o interese xeral e sente a negociar, como prescribe a lei, cos profesionais do sector no marco dunha mesa xeral de negociación para cumprir as previsións da vixente lei de emerxencias.



Polo tanto, o grupo parlamentar da AGE achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a convocar con carácter urgente unha mesa de negociación cos colectivos de bombeiros para elaborar o estatuto do bombeiro profesional.

En Compostela, a 23 de abril do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 23/04/2015 10:39:33

Anton Sánchez García na data 23/04/2015 10:39:39